



6 A industrialización

Neste tema descubrirás:

- Como se produciu o nacemento da industria moderna.
- Cal foi o impacto das novas fontes de enerxía e das máquinas no transporte.
- Como se formou a sociedade de clases e se organizou o capitalismo.
- Como era a vida dos obreiros e das obreiras das fábricas.
- Que características tiñan as novas cidades industriais.

1. Describe a imaxe. Que fan estes nenos? Onde se atopan?
2. Charles Dickens é o autor da novela  Oliver Twist. Busca de onde era e en  que época viviu. Coñeces algunha outra novela súa?

Oliver Twist

Oliver Twist medra nun orfanato dunha vila de Inglaterra, a comezos do século XIX. Como moitos nenos pobres da época, cando cumpre nove anos debe ir traballar.

Ás cinco e media, un dos vixilantes do hospicio golpeou a campá con todas as súas forzas para espertar os nenos. Os rapaces abandonaron a cama, enguliron a súa ración de gachas e foron levados á fábrica lindante para que principiasen a súa xornada laboral.

O lugar de traballo era unha sala enorme, sucia e mal ventilada, chea de bancos sen respaldo que estaban dispostos en fileiras interminables. Os mozos sentaban a un lado e as rapazas ao outro, e todos eran sometidos a unha vixilancia estrita para que non abandonasen o seu posto de traballo nin un só intre. A tarefa de Oliver consistía en desfacer coas mans anacos de cabos e cordas usadas dos barcos para que se puidesen volver a utilizar. Os rapaces traballaban de sol a sol, seis días á semana.

Os nenos vestían farrapos cotrosos procedentes da beneficencia. Moitos camiñaban descalzos. Como non recibían visitas de familiares, o hospicio apenas coidaba da súa hixiene.

A cada rapaz dábaselle un prato de gachas tres veces ao día. En poucos minutos, todos os pratos acababan baleiros, pois non eran moito maiores que as culleres. Quedaban tan relucentes que non era necesario limpálos. Ademais das gachas, cada rapaz recibía dúas veces por semana unha cebola e, os días festivos, unha xenerosa rebanda de pan.

Charles DICKENS: *Oliver Twist*. Barcelona, Vicens Vives, 2013. (Reelaborado e traducido).

Le e comprende

3. Cando comezaba a xornada laboral dos nenos? Cando remataba? Podían descansar nalgún momento?
4. As gachas eran unha papa de fariña e auga. Que comían os nenos durante a semana? Valora a súa dieta comparándoa coa túa.
5. Como era a hixiene no hospicio? Cres que os nenos caían enfermos doadamente? Argumentao coa axuda do texto.

Exprésate coas túas palabras

6. Ponte no lugar de Oliver Twist e escribe un texto en primeira persoa explicando como transcorre un día da túa vida.

Fotograma da película
Oliver Twist, 2005

1 A revolución agrícola e industrial

Desde finais do século XVIII, unha serie de innovacións científicas e técnicas transformaron a agricultura e propiciaron o nacemento da industria moderna. Este conxunto de transformacións constitúen a revolución agrícola e industrial.

1 As transformacións agrícolas

Na agricultura introducíronse novas técnicas e novos cultivos que permitiron aforrar en man de obra, mellorar e aumentar a produción de alimentos.

As principais transformacións na agricultura foron:

- O inicio da **rotación de cultivos** permitiu a substitución do barbeito polo cultivo de plantas forraxeiras ou legumes.
- A introdución do uso de **fertilizantes** para fertilizar a terra e mellorar a súa produtividade.
- A xeneralización do cultivo de produtos chegados de América, como o **millo** e a **pataca**.
- A difusión de **novas máquinas** para realizar os principais labores agrícolas: arar, sementar, segar e mallar.

2 O nacemento da industria

Desde as orixes da humanidade, para producir bens, cultivar a terra e transportar produtos, as persoas usaban como fonte de enerxía a forza humana e animal, así como a forza do vento e da auga.

A finais do século XVIII, a invención da **máquina de vapor**, que utilizaba carbón como combustible, permitiu por primeira vez mover máquinas partindo da forza do vapor de auga.

A utilización de máquinas movidas por novas fontes de enerxía implicou unha nova maneira de producir bens en gran cantidade, que coñecemos como **industrialización**.

3 O crecemento da poboación

A mellor alimentación permitiu o **aumento da poboación**. Desapareceron as grandes fames e o número de nacementos foi superando o de defuncións.

Ademais, as novas industrias permitiron darlle traballo a unha parte da poboación rural que se foi desprazando cara ás **ciudades**, que tiveron un gran crecemento.




▶ As novas fontes de enerxía


O carbón, que se extrae das minas, foi a principal fonte de enerxía da Revolución Industrial.

▶ As innovacións agrícolas

As novas técnicas de cultivo e as máquinas permitiron aumentar a área cultivada. Puxéronse en cultivo grandes extensións de terra, cortando bosques e sementando terras ermas.

A POBOACIÓN EUROPEA





► As fábricas

As fábricas, que producían bens coa axuda de máquinas movidas pola enerxía do vapor, foron o símbolo da nova era industrial.

► Os novos transportes

A máquina de vapor permitiu a aparición do ferrocarril, e construíronse vías férreas e estacións. Deste xeito os produtos transportábanse con maior facilidade.

- 1. Observa o debuxo e explica que transformacións produciu a Revolución Industrial na paisaxe:
 - Que innovacións e máquinas agrícolas observas? Que fonte de enerxía usan algunhas destas máquinas?
 - Que indican as chemineas representadas?
 - Que medio de transporte aparece?
- 2. Que evolución seguiu a poboación europea nos séculos XVIII e XIX? A que se debeu?
- 3. Compara esta paisaxe cunha posible paisaxe industrial actual. Indica que elementos da paisaxe cambiaron e cales se manteñen.

Define conceptos: ► barbeito ► industrialización

Aprendiz de historiador@

A revolución dos transportes

A utilización de novas fontes de enerxía e novas máquinas tivo un grande impacto nos medios de transporte. O ferrocarril e mais o barco de vapor permitiron chegar as persoas e transportar as mercadorias a unha velocidade descoñecida ata daquela.


Queres facer de historiador@ e indagar como foi esta revolución dos transportes?

1 A forza do vapor


A enerxía do vapor que movía as máquinas no campo, na industria e nas minas aplicóuselles moi rápido aos novos medios de transporte.

COMO FUNCIONA A MÁQUINA DE VAPOR?

Nunha caldeira alimentada con carbón ferve a auga cuxo vapor move un pistón e pon en marcha un balancín que fai virar unha gran roda.



O ferrocarril



A locomotora móvese mediante unha caldeira de vapor horizontal que lles transmite a súa enerxía a uns eixes que moven as rodas.

No ano 1829, o enxeñeiro George Stephenson fabricou unha locomotora a vapor capaz de arrastrar sobre raís os vagóns do ferrocarril.


O ferrocarril amosouse máis rápido e eficaz que calquera outro transporte coñecido ata daquela (dilixencia, carro...).

Europa e Estados Unidos iniciaron a construción de numerosas vías férreas e trens, que estimularon a produción de ferro e carbón.

1. Que supuxo a invención da máquina de vapor? Como repercutiu no ferrocarril?

2. Como se movía a locomotora que arrastraba os vagóns?

O barco de vapor



Caldeira

No século XIX tamén comezaron a navegar os barcos de vapor, que tiñan dúas grandes rodas nos flancos, movidas por unha máquina de vapor.

O movemento destas rodas permitía avanzar a gran velocidade.

As viaxes por mar foron a partir daquela moito máis rápidas e orixinaron un gran tráfico marítimo de persoas e mercadorías.


3. Describe como funcionaba o barco de vapor. Cal era a diferenza con respecto do de vela?

4. Que supuxo para o tráfico marítimo a invención do barco de vapor?

2 A enerxía do petróleo

A finais do século XIX abriuse unha nova etapa na evolución dos transportes: naceron o automóbil e o avión, movidos por motores alimentados con gasolina (petróleo).

No século XX, estes transportes perfeccionáronse. Os automóviles empezaron a producirse en serie e convertéronse no principal medio de transporte particular. Os avións, asemade, permitiron unha comunicación máis veloz.



O automóbil



O avión

5. Que fonte de enerxía usan o automóbil e o avión? Que cambios nas comunicacións implicaron estes transportes?

6. Aínda se utilizan o carbón e o petróleo como fonte de enerxía para o funcionamento destes transportes? Sabes que novas enerxías os moven?

7. Busca información na Internet sobre a duración da travesía de Londres a Nova York nun barco de vela e nun de vapor. Compáraos coa viaxe dun barco e un avión actuais.

Define conceptos

- ▶ máquina de vapor
- ▶ locomotora
- ▶ motor
- ▶ petróleo

2 Como era...

O traballo nas fábricas

A produción industrial realizábase nas fábricas, edificios que concentraban un gran número de máquinas e de traballadores.

- ✓ A maioría dos novos obreiros industriais eran campesiños que emigraran ás cidades para buscar emprego nas novas fábricas.
- ✓ As condicións do traballo fabril eran moi duras. Os obreiros traballaban longas xornadas de 12 ou 14 horas, os salarios eran escasos, non tiñan ningunha cobertura por enfermidade ou accidente e non gozaban de vacacións.
- ✓ As mulleres e os nenos e nenas tamén traballaban nas fábricas porque o xornal do pai non abundaba para manter toda a familia. O seu xornal era inferior ao dos homes.
- ✓ Os menores comezaban a traballar aos 7 ou 8 anos e a maioría non asistía á escola. As mulleres non tiñan permiso por maternidade.

1. Cales eran as condicións de vida e de traballo dunha familia obreira? Por que nas fábricas había tantas mulleres e nenos?

2. Observa o debuxo e responde:

- Describe o edificio que hai en primeiro plano. A que se dedicaba esta industria?
- Que entendes por mecanización da industria? Que vantaxes achegou?
- Que enerxía movía as máquinas? Como se xeraba? Por que todas as fábricas tiñan unha gran cheminea?
- Que medios de transporte se utilizaban para transportar as mercadorías?

Define conceptos

▶ emigrar ▶ traballo fabril ▶ xornal ▶ mecanización



▶ A fábrica

A fábrica é o lugar ao que chegaban as materias primas (algodón, coiro, ferro...) para ser transformadas en produtos elaborados.

A produción realizábase nunhas grandes naves onde se instalaban as máquinas.

As primeiras industrias xurdiron no sector téxtil (algodón) e siderúrxico (ferro).

▶ A mecanización

Unha das grandes innovacións da Revolución Industrial foi a utilización de máquinas movidas por enerxía inanimada para producir bens.

As máquinas permitiron elaborar un maior número de produtos e reducir o prezo de venda.



Chemineas

Cidade industrial

Barcazas para transporte de mercadorías

Almacén

► A enerxía do vapor

As máquinas funcionaban grazas á enerxía do vapor.

A parte máis importante da fábrica era a sala da máquina de vapor.

Unha gran cheminea lanzaba ao exterior o fume xerado polo carbón.

Máquina de vapor

Correa de transmisión para mover as máquinas

Locomotora

Viviendas obreras

Fiadoras

Teares

Carros de transporte

► O transporte de mercadorías

Para transportar as materias primas, o carbón e os produtos elaborados, construíronse portos, ferrocarrís e estradas.

3 Unha nova organización económica e social

A Revolución Industrial orixinou un novo sistema económico, o capitalismo, e propiciou unha nova organización social baseada na sociedade de clases.

1 Como se formou a sociedade de clases?

Ao longo do século XIX houbo unha serie de transformacións económicas que lle puxeron fin á sociedade estamental baseada nos privilexios de nacemento.


Na nova sociedade, as diferenzas entre as clases sociais viñan determinadas non pola familia á que se pertencía, senón pola riqueza que se posuía.

Coa Revolución Industrial naceron dúas grandes clases sociais:

- A burguesía, propietaria das terras, das fábricas, das máquinas, das materias primas, dos produtos e de todos os beneficios dos seus negocios.
- Os obreiros, que vivían do seu traballo e se empregaban por un salario, baixo as condicións que imponían os propietarios das empresas.

1. Por quen estaba formada a burguesía? De que vivían os obreiros?

2 Como funcionaba o capitalismo?



A Bolsa é unha institución na que se mercan e venden accións de empresas.



A burguesía impuxo novas formas de vida. As súas diversións (restaurantes, cafés, ópera, teatro, bailes...) eran a expresión da súa capacidade económica e do seu predominio social.

A burguesía tiña diñeiro (capital) e investíao na creación de industrias e negocios (comercio, transportes...) que lle proporcionaban uns bos beneficios.

Como o novo sistema económico se baseaba na obtención de beneficios a partir do capital investido, denominóuselle capitalismo.

Para facilitar o capital necesario para a creación de empresas xurdiron os bancos, que prestaban diñeiro a cambio de xuros.

Ademais, para atraer capital, algunhas empresas vendían parte da súa propiedade a cambio de diñeiro. Esta participación chamábase acción, que se podía mercar na Bolsa de valores.

2. Que é o capital? Para que o necesitan as empresas? Que institución lles presta o diñeiro? Que é a Bolsa?

AS NOVAS IDEAS SOCIAIS

A sociedade industrial xerou novas **desigualdades sociais**. O contraste entre a vida da burguesía, que gozaba dunha gran prosperidade, e a pobreza das clases traballadoras commoveu a conciencia de moitas persoas.

Para mellorar a situación dos traballadores e defender os seus intereses xurdiron novas organizacións: os sindicatos e os partidos socialistas.

Os sindicatos

A mediados do século XIX creáronse os sindicatos, unhas **organizacións obreiras** que reclamaban mellores condicións de traballo para os asalariados.

As súas primeiras demandas foron o aumento de salarios, a diminución das horas de traballo e a limitación do traballo das mulleres e dos nenos e nenas.



Desde mediados do século XIX, os traballadores utilizaron a **folga** como recurso para pedir mellores condicións de traballo.



Os partidos socialistas

Máis adiante, apareceron uns partidos políticos denominados **socialistas**, que criticaban o capitalismo e defendían un sistema baseado na igualdade social.

O seu obxectivo era promover unha revolución que lle puxese fin ao capitalismo e implantase unha nova sociedade sen clases sociais (socialismo).

Membros do Partido Socialista Obrero Español (PSOE) nunha manifestación de traballadores en Madrid.

3. Que intereses defendían os sindicatos e os partidos socialistas? Que obxectivos perseguían?

4. En que consiste unha folga? Por que é un medio de presión sobre os empresarios?

5. Razona o significado desta frase: "Na nova sociedade industrial do século XIX o que diferenciaba as persoas

non era a súa orixe, como na sociedade estamental, senón o diñeiro que posuían".

Define conceptos

- obreiro
- capitalismo

4 Vivo...

Nunha cidade industrial

No século XIX, as cidades europeas converterónse no centro económico da nova era industrial e medraron en extensión e número de habitantes.

- ✓ A cidade concentrou as novas actividades industriais: industrias (fábricas), intercambios (comercio), finanzas (bancos) e transportes.
- ✓ As novas clases sociais instaláronse nas cidades e crearon novos barrios ben diferenciados para burgueses e obreiros.
- ✓ O aumento da poboación implicou a ampliación e renovación das cidades:
 - Derrubáronse as murallas para darlle máis espazo á zona antiga, que era moi insalubre.
 - Construíronse novos barrios, abríronse novas rúas e levantáronse novos edificios.
 - Melloráronse as infraestruturas, como a rede de sumidoiros, a iluminación e tamén o pavimento.
 - Creáronse novos medios de transporte como o ferrocarril, o tranvía e o metro.
- ✓ Nas cidades popularizáronse novas formas de entretemento e construíronse teatros, casinos, cafés, salóns de baile, etc.

1. Observa o debuxo e describe como eran as cidades industriais do século XX.
2. Localiza os barrios de vivendas para a burguesía e para os obreiros. Que diferenzas podes establecer entre eles?
3. Explica que novos servizos e infraestruturas apareceron nas cidades (medios de transporte, ocio...).

Define conceptos

- ▶ ensanche
- ▶ zona antiga
- ▶ barrio obreiro
- ▶ zona industrial

▶ Ensanche

Para expandir as cidades derrubáronse as murallas. Planificáronse os novos ensanches con amplas avenidas, casas con xardíns e luxosos pisos. Ali trasladouse a vivir a burguesía.

▶ Barrio obreiro

Os obreiros instalábanse nos barrios antigos e nos barrios construídos nas aforas, que non tiñan electricidade, auga corrente e rede de sumidoiros.


▶ Mercado

Os mercados abastecían a poboación de todo tipo de alimentos.

▶ Porto comercial

Para o transporte de mercadorías moi pesadas ou a longa distancia usábase o barco de vapor.





► **Transporte urbano**

O tranvia movido con electricidade converteuse no medio máis eficaz de transportar pasaxeiros pola cidade.

► **O tren**

O ferrocarril converteuse no principal medio de transporte de mercadorías e persoas.

Parque público

Carro

Teatro

ZONA ANTIGA

Almacéns

BARRIO OBREIRO

Estacion

Fabrica textil

Antigas murallas

Barco de vapor

► **Zona industrial**

As fábricas situábanse na periferia das cidades e cerca das vías de comunicación.

5

A industrialización española

1 Unha débil industrialización

A industrialización en España produciuse de forma lenta e con atraso respecto dos países máis desenvolvidos de Europa. Isto debeuse a que gran parte da terra estaba en mans de grandes propietarios (nobres e burgueses), que investían pouco na mellora e máis na mecanización do campo. Por iso, a maioría da poboación española continuou dedicada á agricultura.

Tan só nalgúñas zonas, como o País Vasco e Cataluña, iniciouse un proceso de industrialización:

- Na década de 1830, en Cataluña desenvolveuse a **industria téxtil**. Instaláronse fábricas alimentadas por carbón (vapores) e pola enerxía da auga dos ríos (colonias).
- A finais do século XIX, no País Vasco iniciouse unha **industria siderúrxica** ligada á explotación das minas de ferro.

Tamén comezou a explotación das minas de carbón de Asturias.

A industrialización de Galicia

Desde finais do século XIX, a tradicional **industria pesqueira** galega comezou a experimentar uns cambios que se afianzaron no século XX. A arte da salgadura foi substituída pola técnica das conservas, e as conservas comezaronse a vender fóra de Galicia.

A actividade conserveira serviulles, ademais, de incentivo a outros sectores afíns, como o da construción de barcos, a comercialización da produción e, polo xeral, as actividades portuarias.



Traballadoras dunha fábrica téxtil catalá a finais do século XIX.

ÁREAS AGRÍCOLAS E INDUSTRIAIS ESPAÑOLAS NO SÉCULO XIX



1. Cales foron as características da industrialización en España?
2. En que zonas se iniciou principalmente a industrialización?
3. Que tipo de industrias se desenvolveron?
4. Que zonas mantiveron o predominio da agricultura?

2 O crecemento da poboación

No século XIX, a poboación española aumentou e pasou de 11,5 a 18,5 millóns de habitantes. Este aumento foi menor ca noutros países europeos, debido ao lento proceso de industrialización.

A poboación dependía dunha agricultura atrasada, que implicaba unha alimentación deficiente e facilitaba a expansión das enfermidades.

Tamén se produciu un éxodo **campesiño** cara ás cidades, que medraron respecto do século anterior.

Madrid e Barcelona dobraron a súa poboación entre 1850 e 1900, superando os 500000 habitantes.

5. Describe a evolución da poboación no século XIX.

A POBOACIÓN ESPAÑOLA NO SÉCULO XIX



En España continuaba a ter moito poder a **nobreza**, que era propietaria de grandes latifundios e acumulaba as maiores fortunas.

No campo ascendeu unha **burguesía agraria** e nas zonas industriais consolidouse unha **burguesía industrial**, comercial e financeira.

A maioría da poboación española continuou sendo **campesiña**. Moitos eran xornaleiros sen terra que traballaban a cambio dun xornal.

Por outra parte, o número de **obreiros industriais** era escaso e concentrábase maioritariamente en Cataluña e no País Vasco.

6. Que grupo social mantivo o seu poder en España durante o século XIX? Por que?



A sociedade campesiña tradicional mantívose en gran parte de España durante todo o século XIX.

7. Fai unha redacción que explique por que a industrialización española foi máis débil que a doutros países europeos. Utiliza estes conceptos: latifundio, nobreza, xornaleiros, téxtil, siderurxia, carbón, obreiros.

8. Razona se existe algunha relación entre o atraso agrícola de España e o feito de que a poboación medrase máis amodo ca noutros países.

Define conceptos

- ▶ industria téxtil
- ▶ industria siderúrxica
- ▶ latifundio

Zoom Patrimonio...

No século XIX, a industrialización xerou novos materiais e novas técnicas que se utilizaron para a creación artística.

A arquitectura abandonou o dominio da pedra e do ladrillo para levantar enormes edificios de ferro e vidro. Así mesmo, a invención da fotografía e do cinematógrafo permitiu amosar a realidade dunha forma diferente.

O SÉCULO DO FERRO E DO ACEIRO

Os novos materiais (ferro, aceiro, vidro), producidos de forma industrial, permitiron levantar edificios máis elevados, lixeiros, espazos e luminosos.


Estes edificios non só eran diferentes na súa estrutura, senón tamén na súa función. A sociedade industrial e urbana requiría espazos para os ferrocarrís, fábricas, almacéns, mercados, etc.

Nestas construcións, os arquitectos traballaban con novos profesionais, os enxeñeiros, técnicos capaces de dominar os materiais e as máquinas.



A Torre Eiffel de París é unha grande estrutura de ferro que se apoia sobre catro piares de cemento.

PALACIO DE CRISTAL DE MADRID, 1887



A FOTOGRAFÍA E O CINE

A fotografía naceu a comezos do século XIX e conseguiu fixar e reproducir imaxes recollidas no fondo dunha cámara escura.

Esta nova técnica permitiu representar as persoas e amosar paisaxes e escenas de xeito máis doado e menos custoso que o debuxo ou a pintura.

Por iso, a fotografía difundíuse rapidamente entre amplas capas da poboación.

A fotografía empezou a ser moi utilizada nas postais. Facíanse en branco e negro e despois coloreábanse á man.



A chegada do tren (Lumière, 1895). Entre os espectadores xurdía un sentimento de medo e incredulidade ao ver avanzar unha máquina de tren.

O cinematógrafo é un aparello que permitiu proxectar imaxes en movemento. Foi unha invención dos irmáns Lumière e a primeira proxección realizouse en 1895.

O cine converteuse nunha nova arte e, co paso do tempo, nunha importante industria.



Representación dunha sala de cine a finais do século XIX.

1. Que influencia tivo a Revolución Industrial na arquitectura?
2. Que materiais eran os máis utilizados nas novas construcións?
3. Fixate no debuxo do Palacio de Cristal de Madrid:
 - Describe a súa forma e os materiais usados na súa construción.
 - Como se conseguen a altura e mais a luminosidade do edificio?


4. Visualiza no explorador dixital a película, *O hotel eléctrico* (1908), do director Segundo de Chomón, unha das primeiras obras do cine español.

- Que nos amosa a película? Que debeu sorprenden máis aos seus primeiros espectadores?
- Compáraa cunha película actual. Cales son as diferenzas máis evidentes?



Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no caderno e completa os espazos.



2. Copia e completa no caderno.

- As novas técnicas de ... e as novas ... implicaron un aumento da ... agrícola.
- A invención da ... permitiu mover outras máquinas a partir da enerxía do ..., o cal tivo un grande impacto nos ... Xurdiron a ..., o ..., o ... e o ...
- No século XIX desenvolveuse unha nova organización ... e ..., baseada na sociedade de ... e no ...
- As ... convertéronse en centros de produción de ... en gran cantidade. As condicións de vida dos ... nas fábricas eran moi ...

3. Identifica e argumenta.

- Busca no interior do tema catro máquinas, usadas con diferente finalidade, que funcionen con vapor.
- Argumenta por que esta nova enerxía foi unha gran "revolución".

4. Entre tod@s. O traballo infantil.

● Ao comezo do tema coñeciches a historia de Oliver Twist, un neno obreiro do século XIX. Proponémosvos un traballo en grupo para analizar a través de fontes históricas (documentos escritos e fotografías) como era o traballo dos nenos e nenas daquela época nas fábricas. Divídevos en grupos e seguíde estas pautas:

- Observe as fotografías.** Cal era a situación dos fillos dos obreiros no século XIX? En que traballaban? Describe a súa vestimenta. Cres que tiñan o mínimo indispensable?
- Comentade o texto.** Cal era a xornada de traballo dun neno nas minas? Podía ir á escola? Que cres que significaba a ausencia de educación?
- Analize os datos.** Cal era o xornal dos nenos e nenas? Que diferenza había con respecto do dos homes? E do das mulleres?
- Interprete a lei.** Que medidas se estableceron en 1873 para mellorar as condicións laborais dos nenos e nenas?
- Valoración.** Por que credes que no século XX a lei que obrigaba a asistir á escola ata os 14 anos estaba relacionada coa prohibición do traballo infantil?

Traballo no pozo de (a mina) Gawber. Non é moi canso, pero traballo sen luz e paso medo. Vou ás catro ou tres e media da mañá, e saio ás cinco e media da tarde. Ás veces canto cando hai luz, pero non na escuridade, daquela non me atrevo a cantar. Non me gusta nada estar no pozo. Vou á escola os domingos e aprendo a ler. Prefiro mil veces ir á escola que traballar na mina.

Sara Gooder, mineira de oito anos. Reino Unido, 1842. (Adaptación)



Salarios téxtiles (%)

Obreiros	100
Obreiras	40-50
Nenos/as	10-20

Lei de regulación do traballo infantil, 1873

- Os menores de dez anos non serán admitidos no traballo.
- Non excederá de 5 horas cada día o traballo dos nenos menores de 13 anos e das nenas menores de 14.
- Non excederá de 8 horas o traballo dos mozos de 13 a 15 anos e das mozas de 14 a 17.



Nenos en tarefas de limpeza do carbón.

XOGANDO TAMÉN SE APRENDE

● 5. Oriéntate na cidade industrial.

Localiza e escribe as coordenadas que corresponden a estes fragmentos.



Despois di con que elemento da cidade se identifican:

- ensanche
- ferrocarril
- fábrica
- barrio obreiro

